

Resolución reitoral de 10 de marzo de 2022 pola que se convoca a Segunda edición dos PremiosCREA-Creatividade e Innovación do Campus CREA da Universidade de Vigo

Dentro da política de impulso e fomento do proxecto de especialización do Campus de Pontevedra como Campus CREA, convócase a segunda edición dos Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus CREA. A dotación económica destes premios é proporcionada polo Consello Social, conforme á colaboración coa Universidade de Vigo asinada o día 22 de febreiro de 2022.

A capacidade de ser creativo/a é unha mestura de coñecementos, actitudes e habilidades que poden acadarse dende a práctica en calquera área do estudo. Trátase de entender e poñer en valor o feito fundamental da innovación que xorde das novas ideas, saíndo dos percorridos predeterminados, procurando acadar novos produtos e producións orixinais.

Neste senso o Campus CREA aposta pola creatividade como motor da educación universitaria do século XXI, promovendo un contexto educativo innovador, colaborativo e interdisciplinar onde os diferentes axentes implicados participan do proceso de creación e investigación.

Resulta, por tanto, oportuno convocar estes premios mediante os que se recoñece o valor que o Campus CREA da Universidade de Vigo outorga ao esforzo do alumnado no ámbito da creatividade e a innovación. Trátase de contribuír desta forma a mellorar a proxección do Campus de Pontevedra, como un campus líder nestas temáticas.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva a segunda edición dos Premios CREA-Creatividade e Innovación do Campus CREA da Universidade de Vigo, de conformidade coas bases que se establecen no Anexo I
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal do Campus Crea](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

O vicerreitor do campus de Pontevedra,

(Asinado electrónicamente)

Anexo I

BASES

Primeira- Obxecto da convocatoria

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra – Campus CREA da Universidade de Vigo considera importante, para estimular a promoción do Campus CREA, premiar accións destacadas no ámbito da creatividade e a innovación que impliquen a membros da comunidade universitaria de diferentes ámbitos de coñecemento, e que axuden a situar e consolidar o Campus de Pontevedra como un referente en temáticas relacionadas coa creatividade e a innovación.

Neste senso, a presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións creativas e innovadoras interdisciplinares, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus CREA.

Os Premios CREA-Creatividade e Innovación teñen como obxectivo recoñecer diferentes facetas da actividade creativa e de innovación desenvolvidas por alumnado da Universidade de Vigo nas que participen estudantes de diferentes ámbitos de coñecemento. Trátase, por tanto, de premiar as obras creativas e innovadoras de carácter interdisciplinar, xa que será imprescindible a participación de estudantado de alomenos dous ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra diferentes.

Enténdese por obra creativa e innovadora interdisciplinar calquera obra que sexa creada polo alumnado da Universidade de Vigo que implique a participación de estudantes de alomenos dous ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra, e cuxa participación quede reflexada na obra por ser recoñecible o seu ámbito. Neste sentido, son ámbitos de coñecemento do Campus de Pontevedra os seguintes:

- *Medio ambiente e Natureza*
- *Arte, Comunicación e Creatividade*
- *Educación, Innovación social e Xestión pública*
- *Deporte, Saúde e Benestar*

A natureza da obra será totalmente aberta.

Segunda - Modalidades dos premios

Os premios consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dunha certificación oficial que, de ser posible, será entregada nun acto institucional organizado a tal efecto. As obras premiadas serán expostas nos Centros do Campus de Pontevedra durante o tempo que se considere oportuno e de común acordo entre a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e as persoas autoras das obras.

Asemade, en base á colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consello Social, serán dotados economicamente tal como se detalla máis abaixo.

O pago do importe dos premios será aboado polo Consello Social da Universidade de Vigo directamente ás persoas premiadas, cunha dotación máxima de tres mil euros (3.000,00 €) repartidos en tres categorías:

A. Primeiro premio

- Diploma acreditativo para os/as alumnos/as autores da mellor obra desta convocatoria. Premio en metálico de mil cincocentos euros (1.500,00 €) para os/as autores (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).

B. Segundo premio

- Diploma acreditativo para os/as alumnos/as autores da obra que quede en segundo lugar desta convocatoria. Premio en metálico de mil euros (1.000,00 €) para os/as autores (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).

C. Terceiro premio

- Diploma acreditativo para os/as alumnos/as autores da obra que quede en terceiro lugar desta convocatoria. Premio en metálico de cincocentos euros (500,00 €) para os/as autores (suxeita ás retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).

Terceira - Requisitos dos participantes

Poderán concorrer a estes Premios os/as alumnos/as que no momento da convocatoria se atopen matriculados na Universidade de Vigo no curso 2021-2022. Cada obra presentada deberá ser creada por alumnado pertencente a alomenos dous ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra (os sinalados na primeira base desta convocatoria).

- A solicitude deberá contar co visto e prace de todos/as os/as coautores/as da obra, salvo imposibilidade xustificada. Neste senso, consideraranse beneficiarios/as a efectos de certificación da resolución de concesión todos/as os/as autores/as da obra. No caso da dotación económica consideraranse como beneficiarios/as a todos/as os/as autores.

- Non se poderán presentar traballos que foran presentados a calquera outra convocatoria de premios similar á presente.

Cuarta - Solicitudes e prazo de presentación

Os/as interesados/as presentarán na sede da Vicerreitoría do Campus de Pontevedra un sobre aberto coa seguinte información: unha breve descrición da obra, o título da mesma e o nome dos/as autores, ademais dunha breve memoria explicativa do desenvolvemento do proxecto que permita coñecer a cooperación entre as diferentes disciplinas implicadas.

Tamén presentarán a obra. De non ser posible por dificultades de traslado ou por causa xustificada, deberase explicar o motivo e deberá presentarse unha entrega dixitalizada da obra (imaxes da obra en alta resolución -formato jpg-, vídeo da obra, etc.).

As obras gañadoras pasan a ser propiedade da Universidade de Vigo, o que non afecta á propiedade intelectual das mesmas.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 29 de abril de 2022 ás 14:00 horas.

Quinta - Procedemento e criterios de selección

As obras serán avaliadas por unha comisión de avaliación formada polos seguintes membros: O

director do Campus CREA, que actuará como presidente

Os membros do comité de asesores do campus CREA. Un deles actuará como secretario/a.

Unha persoa representante do Consello Social.

Os criterios para a valoración dos méritos serán os seguintes:

Orixinalidade da obra en canto a creatividade e innovación (5 puntos).

Transmisión e aplicabilidade para aportar resolucións ou respostas a problemas, necesidades e demandas sociais da nosa comunidade (3 puntos).

Reflicte o traballo cooperativo das áreas de coñecemento implicadas (2 puntos).

O fallo da comisión non estará suxeito a apelación. A comisión poderá declarar deserto algún ou todos os premios de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes.

Sexta - Resolución do procedemento

A Comisión elevará ao reitor a proposta de concesión de premios, quen emitirá a resolución correspondente.

A resolución dos premiados farase nun acto público en maio de 2022.

Ademais, tanto a convocatoria como as resolucións que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina web da Universidade de Vigo e na páxina web do Campus CREA

(<https://www.uvigo.gal/campus/pontevedra-campus-crea>)

Os premios consistirán no recoñecemento outorgado pola Universidade de Vigo, a través dunha certificación oficial que, de ser posible, será entregada nun acto institucional organizado ao efecto. Emitirase a correspondente certificación, facendo constar o nome de todos/as os/as autores.

Asemade, en base á colaboración entre o Campus CREA da Universidade de Vigo e o Consello Social serán dotados economicamente tal como se detalla na base segunda.

Sétima. - Información sobre a convocatoria

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (tf. 986 80 20 80) ou no correo electrónico: vic.pon@uvigo.es

Oitava - Aceptación das presentes bases

O feito de participar nesta convocatoria de Premios CREA-Creatividade e Innovación implica a aceptación das súas bases.

Novena.- Información sobre Protección de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria "Segunda Edición dos Premios CREA-Creatividade e Innovación do Campus CREA da Universidade de Vigo", e amparados polo artigo 6.1 e) do RXPDP polo que o tratamento dos datos é necesario para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, con base na Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades que esencialmente é función da universidade o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo e en uso da súa autonomía universitaria pode establecer relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases da convocatoria "I Edición dos Premios CREA-Creatividade e Innovación do Campus CREA da Universidade de Vigo". Non obstante e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).